

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A pedra da auga

Por riba do Outeiro do Cruceiro no monte de Moaña, concello de Moaña (Pontevedra), existe unha pedra cunha oquedade na parte superior que está permanentemente chea de auga.

Con independencia de se hai moita calor, se chove ou se mantén o tempo moi seco... a auga non seca nunca.

Ademais, cóntase que a auga abala e devala ao son das mareas.

Por iso é polo que se coñece como a Pedra da auga.

[Lenda remitida por Soledad Ríos Santomé, de Moaña (Pontevedra)]